



## Concello de Oza-Cesuras

### DECRETO DO ALCALDE

#### ANTECEDENTES:

O Concello de Oza-Cesuras está a realizar o proceso de selección para a contratación laboral dun/ha auxiliar administrativo substituto durante as ausencias, o período de vacacións e as situacións de Incapacidade laboral Temporal da auxiliar administrativo encargada da OMIX e da Biblioteca.

#### CONSIDERACIÓNS:

No apartado 5 das Bases que han de rexer para a dita provisión establécese que *“Rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ou órgano delegado ditará resolución declarando aprobada a listaxe de admitidos e excluídos. Dita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello, e que tamén poderá publicarse na páxina web oficial do concello (www.concellodeozacesuras.es) sen carácter preceptivo, deberá conter a composición nominal do órgano ou tribunal seleccionador, integrado por cinco persoas, tanto titulares como suplentes, o lugar, data e hora de comezo dos exercicios e, de ser o caso, a orde de actuación dos aspirantes”*.

Considerando o disposto no artigo 21.1 g) da lei 7/1985 de 2 de abril.

Por todo isto, esta Alcaldía RESOLVE:

**PRIMEIRO.-** Aprobar a seguinte listaxe provisional de admitidos e excluídos no citado proceso de selección.

a) Candidatas/os **admitidos provisionalmete** no proceso de selección para a contratación en réxime de persoal laboral temporal dun auxiliar administrativo substituto durante as ausencias, o período de vacacións e as situacións de Incapacidade laboral Temporal da auxiliar administrativo encargada da OMIX e da Biblioteca.

APELIDOS E NOME	DNI
BLANCO MOAR MARIA	***4607**





## Concello de Oza-Cesuras

b) Candidatas/os **excluídos provisionalmente** no proceso de selección para a contratación en réxime de persoal laboral temporal dun auxiliar administrativo substituto durante as ausencias, o período de vacacións e as situacións de Incapacidade laboral Temporal da auxiliar administrativo encargada da OMIX e da Biblioteca:

Apelidos e nome	Motivo de exclusión
CALVIÑO DORADO MÓNICA	Non acredita ser persoa desempregada mediante a presentación da copia auténtica da Tarxeta de figurar inscrito como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia

**SEGUNDO:** Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de 5 días naturais, contados a partires da publicación deste anuncio na páxina web do Concello para subsanar as circunstancias que motivan a súa exclusión. A non presentación da documentación no prazo indicado suporá a exclusión definitiva do candidato no procedemento.

**TERCEIRO:** Publicar na páxina web do Concello, a lista de admitidos e excluídos provisionalmente aos efectos oportunos.

Oza-Cesuras, na/s data/s da/s sinatura/s electrónica.

**O ALCALDE,**

**O SECRETARIO**

**Asdo.- J. Pablo González Cacheiro**

**Asdo.- José C. Sánchez Presedo**

